


Guía básica de autoprotección

Consignas preventivas e de actuación
en caso de emergencias en edificios



Guía básica de autoprotección

O aeroporto conta cun plan de autoprotección cuxo obxectivo é previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar unha resposta organizada a posibles situacións de emerxencia.

As instrucións que contén este documento serviranche como guía preventiva e de actuación en caso de emerxencia.

Todas as medidas implantadas no aeroporto, incluída a elaboración desta guía, foron pensadas para mellorar a túa seguridade.

Índice

1.	Para previr un incendio	03
2.	En caso de emerxencia	05
2.1.	En caso de incendio	06
2.2.	En caso de atopar un obxecto sospeitoso abandonado	06
2.3.	En caso de explosión ou derruba	07
2.4.	Emerxencia sanitaria	07
2.5.	Inundación no interior do edificio	08
2.6.	Inundación no exterior do edificio	08
3.	En caso de evacuación	09
3.1.	Que debes facer	10
3.2.	Que non debes facer	11

Para prevenir un incendio

Para prevenir un incendio


Que debes hacer



Non utilices dispositivos eléctricos / electrónicos nas zonas nas que se prohiba o seu uso. Carga unicamente os equipos nas zonas habilitadas para este efecto.



Non fumes no edificio.



Identifica en todo momento os medios de loita contra incendios e as posibles rutas de evacuación.



Ten localizados os mecanismos de activación de alarma dispoñibles no aeroporto para poder utilizalos en caso de que sexa necesario.



Se utilizas ou transportas algún tipo de líquido ou material inflamable, ten coidado de non achegalo a ningunha fonte de calor ou zona na que se poidan producir chispas.



Ante calquera olor sospeitoso ou sospeita de fogo, avisa o persoal do aeroporto.

En caso de emerxencia

Que debes facer



En caso de incendio

- Mantén a calma.
- Informa o persoal do aeroporto a través dos medios dispoñibles e sigue as súas instrucións.
- Agáchate para evitar o fume e os gases tóxicos.
- Apaga as luces e os equipos.
- Ao saír, deixa cerradas as portas e as ventás.
- Se che prende lume na roupa, tírate ao chan e roda.
- Se quedas atrapado nunha zona próxima a un incendio, cerra as portas e, se é posible, coloca panos húmidos nas fendas e pide auxilio.



En caso de atopar un obxecto sospeitoso abandonado

- Non o toques, manipules, cubras ou despraces.
- Non botes auga nin ningunha outra substancia sobre el.
- Non utilices nas súas inmediacións un equipo radiotransmisor ou un utensilio que poida producir vibracións, como pode ser un teléfono móbil.
- Afástate das súas inmediacións.
- Informa inmediatamente da súa existencia o persoal de seguridade e/ou o seu responsable.

Que debes facer



En caso de explosión ou derruba

- Sigue as instrucións do persoal do aeroporto.
- Permanece lonxe de ventás e obxectos que poidan romper e caer sobre ti.
- Se caen obxectos, colócate debaixo dunha mesa, porta ou recanto ata que pare.
- En caso de que quedes atrapado, evita facer po e cubre a boca e o nariz cun pano. Fai ruído con algún obxecto para que os rescatadores poidan oírte. Grita como último recurso.



Emerxencia sanitaria

- Se che é posible, informa o persoal do aeroporto sobre o lugar do suceso, o número de persoas afectadas e os seus síntomas.

Que debes facer



Inundación no interior do edificio

- Sigue as instrucións do persoal do aeroporto e sae do edificio só no caso de que se che indique expresamente.
- Se podes saír ao exterior, trasládate ás plantas superiores do edificio.




Inundación no exterior do edificio

- Sigue as instrucións do persoal do aeroporto.
- Permanece nas zonas elevadas do interior do edificio ata que se autorice a túa saída.
- Cerra as portas e as ventás.
- Non recollas o teu vehículo.

En caso de evacuación

Que debes facer



- Sigue as instrucións do persoal do aeroporto.
- Mantén a calma.
- Sigue a sinalización de evacuación, salvo que o persoal do aeroporto che indique outra vía de evacuación diferente á sinalizada.
- Se non hai visibilidade, utiliza as paredes para te orientar. Cando chegues a unha porta, non a abras ata que comprobes co dorso da man se está quente e, nese caso, busca outra saída.
- Se hai moito fume, camiña agachado e cubre o nariz e a boca.
- Unha vez que chegues ao punto de concentración de evacuados, informa o persoal do aeroporto de posibles ausencias.

Usuarios con discapacidade



Sigue as vías de evacuación accesibles.

En caso necesario, permanece nas zonas de refuxio habilitadas e pide auxilio.

Que non debes facer

- Non grites nin corras, o pánico adoita supoñer maiores riscos.
- Non empurres.
- Non utilices os ascensores.
- Non ocupes o lado interior das escaleiras, este ha de quedar libre para os servizos de emerxencia.
- Non te expoñas a perigos innecesarios.
- Non te entreteñas recollendo obxectos persoais.
- Non retrocedas, xa que entorpecerías a evacuación.



Non utilices o ascensor

